

# O VERÁN DE SANGAILE

[Alanté Kavaïté, 2015]

# 130

ESTREA EN NUMAX: 15.07.2016 | V.O.S.E. | +16

## FICHA TÉCNICA

Sangailės vasara (2015, 88')

**Dirección:** Alanté Kavaïté

**Guión:** Alanté Kavaïté

**Reparto:** Julija Steponaityte, Aiste Dirziute, Nele Savicenko, Laurynas Jurgelis, Salkauskaite Inga, Martynas Budraitis, Gaile Butvilayte, Jurate Sodyte

**Montaxe:** Joëlle Hache

**Dirección de arte:** Grete Kiliulyte

**Son:** Nicolas Becker, Jonas Jocys, Julien Perez

**Música:** Jean-Benoît Dunckel

**Fotografía:** Dominique Colin

**Produtora:** Fralita Films (Lituania)

**Distribuidora:** Cine Binario

**Formato de proxección:** DCP 2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Lituano

## FILMOGRAFÍA

*Écoute le temps*, 2006

## SINOPSE

Sangaile, de dezasete anos, está fascinada polos avións de acrobacias. Nun espectáculo aeronáutico de verán, preto do pobo de seus pais, coñece unha moza da súa idade. Sangaile permite a Auste descubrir o seu segredo máis íntimo e no proceso descobre o amor adolescente e a única persoa que realmente a anima a voar.

«Un romance adolescente sensual e sensíbel, no que a verdadeira montaña rusa é a das turbulentas emocións xuvenís.»

Scott Foundas, VARIETY

## PREMIOS

Sundance 2015 (mellor dirección), Art Film Festival

2015 (mellor filme), Atenas 2015 (mellor director),

Estocolmo 2015 (mellor actriz —Aiste Dirziute—)



# O VERÁN DE SANGAILE

[Alanté Kavaïté, 2015]

## “Ao tratarse dun filme de baixo orzamento, houbo espazo para a improvisación”

Entrevista con Alanté Kavaïté

**Sangaile e Auste son completamente distintas. De adolescentes eras máis como Sangaile ou como Auste?** Os personaxes son esaxerados. Supoño que ao igual que a maioría da xente, atópome nun lugar intermedio. Quería xogar cos contrastes, que se poden atopar en moitos elementos do filme, desde o plano estético até o sonoro. Botando man de dúas mozas creei unha certa simetría, mais Auste é unha imaxe reflexada de Sangaile, unha inversión.

**As adolescentes non soen ter personalidades tan francas, esaxeradas.** Si, tes razón, a vida dunha adolescente ten máis arestas. Esa é a razón pola que me centrei máis no apartado sensorial e sensual ca nos diálogos. Fíxechesme pensar [risas]. Definitivamente atópome no medio hoxe, mais para ser honesta na miña adolescencia coido que era máis como Sangaile.

**Viviches en Francia durante varios anos. Por que decidiches volver ao teu país para o teu segundo filme?** En termos económicos tería sido moito máis doado gravar o filme en Francia. Moita xente dicía: a historia é universal. Mais eu creo que iso non é así. Cando traballas coas emocións, rescatas elementos da túa propia vida. Mesmo se o filme non é autobiográfico, tes que ser quen de enfatizar.

**Como foi o traballo con actrices tan novas como Julija Steponaityte e Aiste Dirziute?** Moi feliz. Elas puñan corpo exactamente ao que eu tiña na mente. Ambas son maiores que os personaxes da historia orixinal, mais iso achegou algo novo e inesperado. Durante a rodaxe elas eran libres de mudar os diálogos e adaptalos para sentírense naturais. Había anos que non vivía en Lituania e algunhas das palabras que escribín estaban desfasadas.

No guión os pais teñen un gran protagonismo. Ao traballar con Julija e Aiste decateime de que as adolescentes da súa idade non se preocupan tanto dos seus pais como as de idades máis novas. Ao tratarse dun filme de baixo orzamento, había espazo para a improvisación. Tivemos que improvisar todo o tempo pois acontecían catástrofes e imprevistos a diario. Houbo un gran suspense, especialmente cos avións. Son tan caros!

**Fan parecer o filme moito máis caro...** Si, mais tes que saber que a xente en Lituania adora todas as cousas que voan. Hai dirixíbeis en todas partes e nos billetes está impresa a imaxe de dous pilotos. Os nenos lituanos medran rodeados de aeroplanos. Á xente gústalle elevarse porque o país é chan e pequeno.

Por tanto, o filme non podería terse feito en Francia. Lituania tense que se modernizar en moitos aspectos mais falando de emancipación, se unha moza francesa quixese converterse en piloto tería semellado excéntrico. En Lituania é moi normal.

**Discutimos se deberíamos presentar O verán de Sangaile como un filme gay. Calquera persoa pode sentirse atinxida por este filme. Que che parece o feito de que o teu filme se inclúa acotío baixo esta etiqueta?** Trátase da primeira longametraxe lituana sobre este tema que se teña feito e non é sen hora. É unha mágoa que sexa aínda necesario etiquetar un filme e chamarlle gay, mais en tanto a comunidade homosexual continúe a ser marxinada seguirei loitando por ela con todas as miñas forzas.

O que é especial n'O verán de Sangaile é que Sangaile e Auste non son mostradas unicamente como adolescentes lesbianas. Son dúas adolescentes que queren medrar e se precisan mutuamente para ser quen son. E nese proceso acontece que rematan namorándose.

Publicado en: <http://www.roffamonamour.com/>  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### NA LIBRARÍA NUMAX

**Fun home**, Alison Bechdel.  
Random House, 2016

**Carol**, Patricia Highsmith.  
Anagrama, 1993

**Manifiestos gays, lesbianos y queer.**  
M. Rafael (Ed.). Icaria, 2009

**La vida de Adèle**, Abdellatif Kechiche.  
Vértigo [DVD]

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

  
**EUROPA CINEMAS**  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME